

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DO SEMINARIO NOVAS NARRATIVAS PARA A HISTORIA DA ARTE.


En Santiago de Compostela, **27 OCT 2017**

REUNIDOS

Dunha parte a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante “a consellería”) e no seu nome e representación Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no exercicio das competencias establecidas no artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991; actuando en nome e representación do Centro Galego de Arte Contemporánea (en diante CGAC), dependente da Secretaría Xeral de Cultura, por Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra a Universidade de Santiago de Compostela (en diante, “USC”) e no seu nome e representación D. Juan Viaño Rey, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación da mesma, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades do 21 de decembro e do Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, polo que se regulan os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As dúas partes interveñen no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecendo a lexitimidade e capacidade para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,


galicia



EXPOÑEN

Que a Consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponden as competencias en materia de fomento da cultura e da creación e difusión cultural en Galicia, competencias que ten asignadas en virtude do establecido no artigo 27,19 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia e que se concretan, entre outras, no fomento e promoción da cultura, a contribución ao desenvolvemento do libro, a colaboración na promoción da plástica, a danza, a música, a imaxe e o son e as artes líricas e coreográficas.

Que concretamente o Centro Galego de Arte Contemporánea (en adiante CGAC) é un centro de arte de titularidade autonómica, dependente da Consellería, entre cuxos fins se atopan a realización de mostras de carácter temporal, así como outras actividades encamiñadas a un maior coñecemento da arte contemporánea e perfeccionamento da sensibilidade estética de Galicia.

O CGAC de acordo co disposto na súa norma de creación, artigo 3.1 a) do Decreto 308/1989, do 28 de decembro, é un centro artístico-técnico para exposicións, documentación e promoción da creación artística, e ten entre as súas funcións establecer as relacións de cooperación e colaboración con museos, universidades, centros de investigación ou institucións culturais nacionais ou estranxeiras para favorecer o intercambio de experiencias e coñecementos, desenvolver accións conxuntas coas entidades citadas para que poidan contribuír á mellor realización dos seus respectivos fins e redundar nunha sólida implantación social do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos distintos sectores da sociedade para asegurar os fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo, mediante a transferencia de coñecemento.

Que a Consellería e a USC, conscientes da importancia da investigación como proceso de xeración de coñecemento e que constitúe unha actividade fundamental para favorecer a transmisión de coñecemento á sociedade, sendo esta transferencia un dos mecanismos polo que esta labor de investigación retorna a ela. Dende o departamento de historia da USC realízase unha importante labor

de investigación da historia de Galicia, onde se producen teses doutorais como artigos e investigacións que conectan Galicia co contexto nacional e internacional. Sendo conscientes da necesidade de realizar unha investigación concreta no mundo da arte contemporánea nos nosos días en Galicia, intentando establecer unha aproximación ás novas metodoloxías da historia contemporánea que permitan abordar tamén a historia de Galicia e no ámbito do CGAC por situarse no mesmo contexto, propónse unha colaboración entre as dúas entidades (USC e Consellería) para a reflexión ambiciosa en torno aos obxectos e os métodos de estudo da historia da arte contemporánea, centrando as análises na creación realizada no último século, a través da celebración dun Seminario de Novas Narrativas para a historia da arte.

A consellería ten interese en acoller na sede do CGAC o seminario “novas narrativas na historia da arte contemporánea” por estar en consonancia coas funcións encomendadas ao centro. A través deste seminario quérese propoñer unha reflexión ambiciosa sobre os obxectos e os métodos de estudo da historia da arte, e centrar as análises na creación realizada no derradeiro século. Considérase necesaria esta reflexión porque tanto os relatos da historia como as prácticas institucionais, ou o mesmo concepto de patrimonio, vense afectados polas coordenadas e a perspectiva de quen estuda o mundo da cultura.

Propónse a creación deste seminario para abordar algunhas cuestións, que están a provocar nos derradeiros anos unha reorientación e proliferación de estudos que abordan o fenómeno da “obra de arte” dende outros puntos de vista. Nocións antes consideradas clave na avaliación das obras de arte estanse vendo afectadas pola teoría crítica e os novos procesos de creación colectivos.

Tendo en conta por unha banda a especificidade das características da actividade por ser unha investigación sobre as novas metodoloxías da historia contemporánea (no ámbito do CGAC) que permite abordar tamén a historia de Galicia e por outra a ausencia de entidades públicas alternativas no ámbito territorial da aplicación que investiguen sobre a historia contemporánea de Galicia, o CGAC está interesado en acoller na súa sede o dito seminario polo seu carácter único e singular e por estar en consonancia coas funcións do museo xa que con este convenio asegúrase a realización dunha investigación na historia contemporánea de Galicia que permite unha transmisión de coñecemento a sociedade en xeral e preferentemente a sociedade galega.

Con este convenio asegúrase a realización dunha investigación na historia contemporánea de Galicia que permita unha transmisión de coñecemento a sociedade en xeral e preferentemente a sociedade galega.

Por todo isto, para acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, dado o interese común das partes asinantes nas que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto determinar as condicións de colaboración entre a Consellería e a USC para a realización do Seminario “Novas narrativas para a historia da arte”, co desexo de realizar unha aproximación ás novas metodoloxías da historia contemporánea que permitan abordar tamén a historia de Galicia e no ámbito do CGAC determinando que historia é posible establecer desde a colección do museo. O Seminario celebrarase en Santiago de Compostela os días 24 e 25 de novembro de 2017.

O programa do seminario:

- 24 de novembro:

Panel 1: Perspectivas de Xénero

Panel 2: As prácticas instituíntes

- 25 de novembro:

Panel 1: Análise cultural estudos visuais

Panel 2: Discursos decoloniais

SEGUNDA.- Obrigas das partes

A Consellería porá a disposición a súa sede para o desenvolvemento do seminario e colaborará coa USC na organización comprometéndose o deseño e elaboración dos folletos e carpetas do congreso, a

contratación do servizo técnico necesario así como ao pago dos honorarios profesionais dos relatores e conferenciantes.

A USC encargárase da difusión e convocatoria das prazas do seminario (estimadas 69 prazas), recepción das matrículas e cobro das mesmas, dos gastos administrativos de organización, dos custos dos viaxes, aloxamento e manutención dos conferenciantes e os cafés durante a celebración do seminario.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización a Consellería para poder solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposición de aplicación.


A USC ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- Financiamento

Para a realización conxunta da actividade, o importe total ascende a TRECE MIL TRESCENTOS CUARENTA EUROS (13.340,00€, IVE incluído)

A consellería contribuirá no desenvolvemento da actividade prevista neste convenio coa achega de SETE MIL EUROS (7.000,00 €, ive incluído) en concepto de deseño e elaboración dos folletos e carpetas do congreso, a contratación do servizo técnico, pago dos honorarios profesionais dos relatores e conferenciantes, para o que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 10.20.432B.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

A USC, farase cargo dos gastos administrativos e do aloxamento, viaxes e manutención dos conferenciantes e relatores precisos para a realización da actividade e financiará gasto por un importe de SEIS MIL TRESCENTOS COARENTA EUROS (6.340,00, IVE incluído).

 gñicia



Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización de actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteñan lucro ningún e os resultados da actividade serán de titularidade e uso común das partes e a súa utilización será gratuíta e sen ánimo de lucro.

CUARTA.- Xustificación dos Gastos

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electrónicamente na carpeta do cidadán da persoa solicitante/representate, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O prazo para xustificar a actividade realizada coa celebración do seminario remata o 15 de decembro de 2017.

Logo da realización da actividade prevista no obxecto do convenio, a USC entregaralle a Consellería o informe final sobre o desenvolvemento do seminario. A consellería unha vez entregado o dito informe, realizará o libramento das cantidades establecidas, previa certificación dos traballos realizados e a presentación das facturas correspondentes que xustifiquen os gastos realizados para a consecución desta iniciativa.

Aos efectos desta xustificación, consideranse os gastos realizados no ano 2017 a partir da data da sinatura do presente convenio e que respondan a natureza da actividade realizada.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da consellería diminuírase proporcionalmente.

A USC responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

QUINTA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os gastos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a USC acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA.- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes

Os resultados froito deste convenio, tales como ponencias, textos, dípticos, catálogos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería e da USC, ambas partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

A Consellería reservase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terá carácter público.

En calquera caso tanto a Consellería como a USC poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do seminario.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coa actividade deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobadas pola normativa de identidade corporativa.


Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura ou a persoa en quen delegue, e pola Vicerreitora de Investigación e Innovación da USC ou a persoa que designe en substitución.

 galicia



NOVENA.- Modificación, denuncia e rescisión de convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindirlo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

DÉCIMA.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, detal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.


Entre as partes non existe relación de solidariedade o subsidiariedade algunha, e cada unha responde de xeito individual e exclusiva das súas accións e omisións que traigan causa do presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Normativa aplicable e xurisdición.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos de sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

 galicia



DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realízanse só por medios electrónicos a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González



Pola Universidade de Santiago de

Compostela
(por delegación, Resolución Rectoral de
22/09/2015, DOG de 05/10/2015
VICEPRESIDENTA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Juan Viaño Rey

Asíndose Isabel Rodríguez-Moldes Rey

